



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Asunto:** Apertura do trámite de consulta pública previa para tramitar a cesión, mediante convenio, das instalacións municipais de Campo de Golf no concello de Miño.

A cesión mediante convenio que se pretende aprobar ten por obxecto establecer as normas respecto das condicións de cesión das parcelas rexistradas que actualmente compoñen o campo de Golf, cunha superficie de 336.454,54 m<sup>2</sup> e 169.178,47 m<sup>2</sup>, inscritas no Rexistro da Propiedade de Pontedeume cos números 13898 e 13899, respectivamente. Correspóndense coa parcela catastral 5626301NJ6052N0001QP. Sobre dita extensión territorial consta construído un campo de Golf con 18 foxos, que conta con Casa Club, nave de mantemento, campo de prácticas, piscina, pista de pádel así como servizos de bar-cafeteira e restaurante.

### FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**PRIMEIRO.-** O artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que “as Corporacións Locais favorecerán o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños [...] e dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos[...]”.

No mesmo sentido, o art. 233 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Administracións Públicas, dispón o acceso das Asociacións ao uso de medios públicos municipais, especialmente aos locais, coas limitacións que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas.

O dereito recoñecido no art. 233 do Real Decreto 2568/1986 a acceder ao uso de locais municipais por parte de Asociacións só é exercitable por aquelas Asociacións que se atopen rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións, limitando o precitado artigo o uso dos locais á coincidencia do uso por parte doutras Asociacións ou polo propio Concello, que ha de considerarse preferente.

Nestes casos é posible acudir á fórmula de subscribir convenios de colaboración coas asociacións afectadas, debemos lembrar que, de acordo cos artigos 4 e 6, en relación co artigo 9, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, pola que se aproba a Lei de Contratos do Sector Público, estes convenios están excluídos do seu ámbito de aplicación, e poden subscribirse directamente con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido nos contratos regulados na devandita Lei ou en normas administrativas especiais.

Mediante o devandito Convenio o Concello pon ao dispor das diferentes asociacións os locais en cuestión, sen que supoña ningunha modalidade de alleamento. E iso coa única e exclusiva finalidade de que coaduxen coa súa actividade na prestación dos servizos públicos.

Ante a ausencia de ordenanza reguladora da autorización de uso destes locais, parece axeitado o uso desta fórmula. Aos convenios de colaboración seralles de aplicación o previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico das administracións públicas, debendo respectar o contido dos artigos 47 e seguintes do mesmo.

**SEGUNDO.-** Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.



A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público.

Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriba ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio. As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poden ser superiores aos gastos derivados da execución do propio convenio.

A subscrición deste convenio contribuír á realización de actividades de utilidade pública. O presente convenio non deriva ningunha obriga económica para o Concello.

**TERCEIRO.-** Polo que respecta á competencia de conformidade co establecido nos artigos 109 e 110.1 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

**“Arg. 109.**

1. *Los bienes inmuebles patrimoniales no podrán enajenarse, gravarse ni permutarse sin autorización del órgano competente de la Comunidad Autónoma, cuando su valor exceda del 25 por 100 de los recursos ordinarios del presupuesto anual de la Corporación. No obstante, se dará cuenta al órgano competente de la Comunidad Autónoma de toda enajenación de bienes inmuebles que se produzca.*
2. *Los bienes inmuebles patrimoniales no podrán cederse gratuitamente sino a Entidades o Instituciones publicas para fines que redunden en beneficio de los habitantes del término municipal, así como a las Instituciones privadas de interés público sin animo de lucro. De estas cesiones también se dará cuenta a la autoridad competente de la Comunidad Autónoma.*

**Arg. 110.1**

1. *En todo caso, la cesión gratuita de los bienes requerirá acuerdo adoptado con el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de la Corporación, previa instrucción del expediente con arreglo a estos requisitos:*
  - a) *Justificación documental por la propia Entidad o Institución solicitante de su carácter público y Memoria demostrativa de que los fines que persigue han de redundar de manera evidente y positiva en beneficio de los habitantes del término municipal.*
  - b) *Certificación del Registro de la Propiedad acreditativa de que los bienes se hallan debidamente inscritos en concepto de patrimoniales de la Entidad local.*
  - c) *Certificación del Secretario de la Corporación en la que conste que los bienes figuran en el inventario aprobado por la Corporación con la antedicha calificación jurídica.*
  - d) *Informe del Interventor de fondos en el que pruebe no haber deuda pendiente de liquidación con cargo al presupuesto municipal.*
  - e) *Dictamen suscrito por técnico que asevere que los bienes no se hallan comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma o adaptación, no son necesarios para la Entidad local ni es previsible que lo sean en los diez años inmediatos.*
  - f) *Información pública por plazo no inferior a quince días.”*

Polo exposto, esta Alcaldía, no uso das atribucións legalmente conferidas, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 110.1 do RBEL, para a tramitación do expediente de cesión das parcelas rexistradas que actualmente compoñen o campo de Golf,



cunha superficie de 336.454,54 m<sup>2</sup> e 169.178,47 m<sup>2</sup>, inscritas no Rexistro da Propiedade de Pontedeume cos números 13898 e 13899, respectivamente. Correspóndense coa parcela catastral 5626301NJ6052N0001QP no concello de Miño, a través do portal de transparencia do Concello de Miño ([https://sede.concellodemino.gal/opencms/es/portal\\_transparencia/](https://sede.concellodemino.gal/opencms/es/portal_transparencia/)), durante un prazo de 15 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan achegar as súas opinións sobre os aspectos que figuran recollidos no anexo 1 deste acordo.

**Segundo.** Dar traslado deste acordo ao servizo correspondente para a posta en marcha do trámite de consulta a través do portal de transparencia da sede electrónica municipal.

**Terceiro.** Comunicar este acordo ás concellerías delegadas das áreas de goberno municipal con atribucións na materia.

## ANEXO I CONSULTA PÚBLICA

### Antecedentes

En cumprimento do artigo 110.1 do RBEL, con carácter previo á cesión das parcelas rexistradas que actualmente compoñen o campo de Golf no concello de Miño, realizarase unha consulta pública a través do portal web deste Concello para informar á cidadanía e as organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura cesión sobre os apartados seguintes:

#### A) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

É interese do Concello de Miño fomentar a práctica do Golf a todos os niveis e como actividade deportiva para todos os miñenses de calquera idade, e tendo en conta que a práctica do Golf é un atractivo turístico que forma parte da riqueza do territorio municipal.

A través das escolas deportivas o concello de Miño pretende que se desenvolva un proceso de aprendizaxe, educación e ensino dos valores que o deporte achega ao individuo, así como a participación dos alumnos das devanditas escolas nas actividades competitivas.

É axeitado subscribir convenios de colaboración con distintas asociacións privadas de carácter deportivo da localidade para que sexan estas quen, a través dos seus deportistas e monitores, leven a cabo materialmente a actividade de formación, e contribuíndo o Concello mediante a colaboración no deseño, organización e supervisión dos programas deportivos.

#### B) Duración

O presente Convenio terá unha duración de QUINCE ANOS, sen prexuízo de prórroga que haberá de ser expresa e solicitada con polo menos DOUS MESES de antelación .

Miño, na data da sinatura dixital

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira